

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, membros do **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita na Comisión IV**, relativa á tala dun bosque no camiño xacobeo no límite municipal de Compostela.

No refraneiro español encontramos a fórmula: a deus rogando e co mazo dando. Foi mudando o seu sentido orixinario, pero acae ben as altisonantes declaracións da Xunta ao respecto do valor cultural do camiño xacobeo e da súa praxe, inversamente proporcional, no que atinxe á preservación e mellora deste multiforme ben cultural.

No concello de Compostela rexistrouse unha denuncia veciñal relativa a unha tala, con indicios de ilegalidade, de árbores situada na marxe do Camiño Portugués en A Rocha Nova e Pontevella. Unha hectárea con centos de árbores, entre castiñeiros, carballos e piñeiros. Tala autorizada pola consellaría de medio rural malia non se advertir o valor da área afectada. O Concello de Compostela levantou unha acta de inspección e a remitiu á comisión de patrimonio histórico para que valore a posible infracción cometida.

“(...) auténtico fenómeno de carácter histórico-cultural de relevancia universal.” Así proclama a lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago, para encargar no seu artigo 8 aos poderes públicos galegos a recuperación, conservación, mellora e protección do Camiño e de todos os seus elementos funcionais. Os artigos 2 e 6 contemplan a delimitación das zonas laterais de protección cunha anchura mínima de 3 metros, para alcanzar a dúas franxas de 30 metros no artigo 16. De xeito expreso, o artigo 11 D refire a corta de arboredo, a corta illada de árbores, que terá que ser expresamente autorizada pola consellaría de cultura e coa obriga da plantación inmediata de especies autóctonas, prescrición reiterada na disposición terceira do decreto 227/2011. Non consta que teña acontecido no caso desta denuncia.

A devandita lei contempla na disposición adicional un prazo máximo de dous anos para aprobar o plan especial de protección e promoción do Camiño previsto no artigo 17 desa lei. Lonxe de se cumprir demorouse tanto como para aprobar aínda no 2011-12 – cunha enorme tardanza - a delimitación do rota principal, do Camiño francés. Proceso de delimitación que nas zonas de amortecemento terá un carácter restritivo. Así o indican os decretos 227/2011 do 2 de decembro, 144/2012, do 29 de xuño e 247/2012 do 22 de novembro sinalan nos seus anexos segundos o grafado o ámbito de amortecemento a protexer por exercer unha influencia directa sobre a contemplación e apreciación do ben cultural referidos ao Camiño francés.

Camiño Xacobeo que terá unha protección en todos os seus itinerarios no proxecto de lei de patrimonio cultural que se atopa en trámite parlamentario.

Camiño Xacobeo que ten o meirande recoñecemento internacional: Primeiro itinerario cultural europeo en 1987, gran itinerario cultural europeo no 2004, ou a condición de ben declarado patrimonio mundial pola UNESCO atendendo ao seu valor excepcional.

A protección do Camiño ten que atender a un enfoque integrado que comprenda o patrimonio, o territorio, a paisaxe e a súa sustentabilidade. O seu valor cultural non se pode desagregar do seu valor natural. Cómpre sinalar a ese respecto o valor da chamada Declaración de XI'AN sobre a conservación da contorna das estruturas, sitios e áreas patrimoniais, realizada na XV asemblea xeral do ICOMOS, en outubro do 2005. Nesta xuntanza acordouse un conxunto de principios e recomendacións aos gobernos para recoñecer a contribución da contorna ao significado do ben cultural que sexa e para desenvolver instrumentos de planificación e prácticas que permitan a súa conservación e xestión.

Así, este grupo parlamentario formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- Como atende á súa obriga de salvagarda do patrimonio cultural e natural a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural cando permite por acción ou omisión a acción antipatrimonial doutra consellería?
- Que depuración de responsabilidades vai adoptar a Xunta de Galicia con respecto á autorización concedida á tala de arborado na zona de amortecemento e protexida do Camiño Portugués, como itinerario integrante dos Camiños de Santiago, e que é ben patrimonio da humanidade?
- Entende o goberno galego que a guía para a protección do Camiño é elemento suficiente toda vez que reduce a protección efectiva contempla na lei de 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago?



En Compostela, a 27 de xaneiro do 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 27/01/2016 12:47:22**

**Ramón Vázquez Díaz na data 27/01/2016 12:47:29**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 27/01/2016 12:47:35**

**Eva Solla Fernández na data 27/01/2016 12:47:37**

**Anton Sánchez García na data 27/01/2016 12:47:42**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 27/01/2016 12:47:44**